

DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE CÉRVIX

Servizo Galego
de Saúde

División de
Asistencia Sanitaria
Información
divulgativa

Que significa que me volvan citar?

Moi rara vez significa que vostede ten cancro. Podería significar simplemente que a súa mostra non se viu claramente e que é necesario facer outra proba.

Por outra banda, o seu resultado podería identificar algúns cambios sen importancia nas células do colo uterino. Se se detectan cambios anormais, vostede necesitará novas probas para poder asegurar que o seu colo do útero está ben. Isto non equivale a cancro. Con todo, ás veces si se detecta un cancro cando tras unha citoloxía de resultado anormal lle realizan máis probas. Por iso é importante que siga as recomendacións do profesional sanitario.

Pódese facer algo no caso de cambios anormais?

Si. O seu médico ou o persoal de enfermería explicaranlle o que hai que facer. Talvez se lle pida que regrese para repetir a citoloxía porque é posible que as células anormais volvan á normalidade espontaneamente.

Con todo, quizais se lle pida que vaia ao hospital para facer un exame máis exhaustivo denominado “colposcopia”. Este exame consiste en visualizar de forma máis precisa o colo do útero, e o instrumento que se utiliza, chamado colposcopio, non é máis que unha lente de aumento, coma unha lupa, cunha luz que lle permite ao xinecólogo identificar calquera zona con células anormais. O exame adoita ser indoloro. Se se identifica algunha zona anormal, adoita recollese unha pequena mostra de tecido da superficie do cérvix. Isto é unha biopsia, adoita ser de tamaño moi pequeno e non dolorosa. O resultado da colposcopia e da biopsia permite saber con maior precisión se vostede necesita ou non un tratamento e cal é o tratamento máis axeitado. O tratamento, en caso de necesitarse, é un procedemento que acostuma facerse en consultas externas sen precisar ingreso hospitalario.

Trátase, na maioría dos casos de extirpar unha lesión precancerosa para evitar que puidese progresar a un cancro cervical, xa que moi raramente a biopsia mostra cambios celulares que xa progresaron a cancro.

Por último, vostede debe saber que a citoloxía cervical non detecta todas as anormalidades do colo uterino polo que se, a pesar de realizar as citoloxías periódicas e de que estas sexan normais, nota algún síntoma como, por exemplo, sangrado ou dor coas relacións sexuais ou sangrado entre as menstruacións ou un fluxo anormal, debe consultar co seu médico.



DETECCIÓN PRECOZ de cancro de CÉRVIX

XUNTA DE GALICIA

Que é a citoloxía cervical ou Papanicolau?

- A citoloxía cervical ou proba Papanicolau non é unha proba para diagnosticar o cancro do colo uterino. É unha proba para comprobar a normalidade do colo do útero, chamado tamén cérvix uterino.
- Na maioría das mulleres os resultados da proba indican que non hai ningún problema.
- Pero para unha de cada dez mulleres aproximadamente, a proba indica cambios nas células que poden ser causados por moitos factores, aínda que a maioría destes cambios non chegarán nunca a converterse en cancro cervical.

Por que necesito unha citoloxía cervical?

O cancro do colo do útero pode previrse. Os signos de que o cancro pode chegar a aparecer poden detectarse de forma precoz, polo que pode ser evitado antes de que comece. É un cancro de crecemento moi lento e que produce lesións nas células que son facilmente visibles cunha citoloxía. Moitas delas, sobre todo as chamadas de “baixo grao” regresarán á normalidade, polo que será suficiente vixialas para comprobar que o colo do útero volve ser normal. Outras lesións, as de “alto grao”, pódense tratar, evitando así que evolucionen a cancro de colo de útero. A evolución destas lesións adoita durar anos antes de dar lugar a un cancro cervical.

En moi poucas ocasións pode detectarse un cancro, pero este atoparase nun estadio moi precoz, o que permitirá a súa curación en practicamente todos os casos.

A maior parte das mulleres que tiveron un cancro de cérvix non fixeron citoloxías periódicas. Non facelas é un dos maiores factores de risco de sufrir esta enfermidade.

Todas as mulleres deben facer citoloxías periódicas?

O Programa galego de detección precoz do cancro de cérvix ofrece a proba de forma gratuíta a todas as mulleres de entre 20 e 64 anos. Non se recomenda empezar antes dos 20 anos, xa que por debaixo desta idade as alteracións que poden observarse serán na súa gran maioría transitorias e desaparecerán espontaneamente. A evolución das alteracións que non desaparecen por si soas é o suficientemente lenta para que se detecten aínda nun estadio precoz nas citoloxías posteriores. Aínda que xa tivese a menopausa, segue necesitando a proba para comprobar que o seu colo uterino está san. Pregúntelle ao seu médico se necesita facer a proba no caso de que:

- lle fixesen unha histerectomía
- teña máis de 65 anos ou
- nunca tivese relacións sexuais cun home.

Cada canto tempo debo facer unha citoloxía cervical?

Despois dun resultado normal, a proba debe repetirse cada tres anos. Fixéronse moitos estudos para decidir cal é o intervalo máis adecuado para repetir as citoloxías. Nos últimos anos cambiaron as recomendacións e actualmente existe un acordo xeral en repetir as citoloxías cada tres anos. Facelas con máis frecuencia non supón ningún beneficio.

Non obstante, facelas máis a miúdo (cada ano ou cada dous anos) aumenta o risco de detectar lesións que van desaparecer por si soas e que non necesitan tratamento.

Como é a proba?

O profesional que lle vai realizar a proba pediralle que se desvista de cintura para abaixo e que se deite nunha padiola. A continuación introducirá na súa vaxina un pequeno instrumento, chamado espéculo, para manter separadas as súas paredes. Despois empregará unha espátula pequena ou un instrumento parecido a un cepillo para recoller algunhas células superficiais do seu colo de útero. Unha vez depositadas as células nun portaobxectos ou un recipiente pequeno con líquido, enviarao ao laboratorio para que o examinen co microscopio. A proba non é dolorosa e dura só uns poucos minutos.

Debo facer algo especial antes da proba?

Non lle poden facer a proba durante a súa menstruación. Asegúrese de que lle dean unha cita para antes ou despois da data da súa regra. O mellor momento é na metade do seu ciclo menstrual. Tampouco deberá utilizar tampóns, espumas anticonceptivas, xelatinas ou medicamentos vaxinais durante os tres días previos á proba nin realizar duchas vaxinais durante os dous días previos á proba.

Cando terei os resultados?

Comunicaranlle os resultados dende o centro de saúde. Tardará aproximadamente unhas 8 ou 9 semanas. No momento da proba, o médico ou o persoal de enfermería facilitaralle un número de teléfono ao que poderá chamar se non recibe os resultados pasado este tempo.



Que grao de fiabilidade ten o exame do colo uterino?

A detección e o tratamento precoces poden impedir a aparición de arredor do 75% dos cancros pero, do mesmo xeito que outras probas de detección precoz, non é perfecta. Non sempre pode detectar cambios celulares precoces que poden converterse en cancro.

Arredor de 1 de cada 10 probas debe repetirse porque:

- pode ser que vostede teña unha infección que deba ser tratada antes de poder obter unha mostra de material utilizable,
- as células cervicais na mostra de proba quizais fosen ocultadas por sangue ou mucosidade,
- talvez non haxa suficientes células cervicais na mostra para permitir unha avaliación exacta,
- é posible que a súa mostra non se preparase debidamente ou
- o portaobxectos puido romper.

Para que esta proba de detección funcione adecuadamente é importante que non deixe pasar máis de tres anos entre as súas citoloxías ata os 65 anos.